

1. Identificación da programación**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CD2TCP000100	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	2024/2025	3	107	107
MP1709_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	3	50	50
MP1709_22	Empregabilidade e relacións laborais	2024/2025	3	57	57

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	NICOLÁS GIL FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A Ley Orgánica de Educación (LOE 2/2006, de 3 de maio), no seu artigo 39, apartado 1, define a Formación Profesional como aquela que comprende aquelas accións formativas que capacitan para o desempeño da profesión, o acceso ao emprego e á "participación activa na vida social, cultural e económica". Pola súa parte a Ley Orgánica para la mejora de la calidad educativa (LOMCE 8/2013) non modificou este apartado concreto, polo que a definición segue vixente.

O currículo fai referencia ao primeiro nivel de concreción curricular, onde o Estado e as Autonomías establecen as bases xerais. Se baixamos de nivel, atopamos o proxecto funcional, neste caso o do CFP Manuel Antonio, que engloba os principios que quere transmitir ao alumnado o conxunto da comunidade educativa. Por último, teríamos o terceiro nivel de concreción curricular; a programación da aula, o máis achegado á práctica docente.

Dentro deste ciclo, o módulo de Itinerario Para a Empregabilidade (IPE I) é imprescindible pois baséase na educación como arma máis potente cara a prevención de riscos laborais, exige o coñecemento dos principios básicos de relacións laborais, fomentando así, o cumprimento dos dereitos e obrigas ao respecto, e capacita ao alumnado para decidir sobre o seu futuro mediante a orientación profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O dereito á saúde.	Establece a vinculación entre a profesión e a saúde e define os conceptos básicos en materia de prevención de riscos laborais.	8	6
2	Mellor previr que curar.	Analiza os factores de risco laboral así como os accidentes de traballo e a enfermidade profesional.	17	15
3	A planificación que mingua os riscos	Nesta unidade o alumnado creará parte dun plan de prevención de riscos laborais e aprenderá actuacións básicas en situacións de emerxencia.	7	5
4	A actuación que nos protexe.	Analiza a sinalización de seguridade e os equipos de protección individual e adestra nas técnicas de primeiros auxilios.	18	17
5	Dereito, relacións e condicións laborais.	Identificación das fontes de dereito laboral e dos organismos públicos que poden intervir nunha relación laboral. Recoñecer a lexislación laboral vixente así como os dereitos e deberes derivados dunha relación laboral. Analízanse as condicións de traballo en especial da xornada e o salario	16	16
6	Contrato de traballo e negociación colectiva.	Analiza as diferentes modalidades de traballo e identifica as situacións nas que pode modificarse de xeito legal. Tamén explora a negociación colectiva.	11	13
7	A acción protectora da seguridade social.	Coñecemento do estrutura e réximes da Seguridade Social, identificando as obrigas do empresario e traballador coa SS. Realización de cálculos básicos das prestacións contributivas máis comúns coma incapacidade temporal ou desemprego.	12	11
8	Construíndo futuro.	Planificación dun itinerario formativo-profesional acorde aos intereses, capacidades e competencias.	18	17



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O dereito á saúde.	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais

4.1.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Relación entre traballo e saúde.
Marco normativo.
Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Mellor previr que curar.	17

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.1.2 Identifícanse e clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título .
CA1.2 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais
CA1.12 Vincúlense os estereotipos de masculinidade hexemónica cunha maior sinistralidade

4.2.e) Contidos

Contidos
Estereotipos de masculinidade e a súa vinculación coa sinistralidade laboral. Principais técnicas de prevención. Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados. Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.). Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral. Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A planificación que mingua os riscos	7

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias
CA1.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA1.6 Clasifícanse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos
CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste
CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención

4.3.e) Contidos

Contidos
0Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa. Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades. Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais. Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención. 0Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.



Contidos
Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.
Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.
Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A actuación que nos protexe.	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Identifícaronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios
0CA1.10 Analizáronse diferentes equipamentos de protección individual.
CA1.11 Identifícaronse os sinais de seguridade.
CA1.13 Recompiláronse e sintetizáronse as aprendizaxes adquiridas en materia de prevención de riscos laborais.

4.4.e) Contidos

Contidos
Composición da caixa de primeiros auxilios.



Contidos
Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios. Actuación en caso de risco grave e inminente. Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Dereito, relacións e condicións laborais.	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título
CA4.1.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral.
CA4.1.2 Analizáronse as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título .
CA4.3 Identifícaronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo
CA4.4 Identifícaronse os compoñentes do recibo de salario
CA4.5 Identifícaronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral



4.5.e) Contidos

Contidos
0Dereitos e deberes derivados da relación laboral. Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. Análise do recibo de salario e das súas partes. Dereito do traballo. Retos laborais derivados da contorna dixital. Análise da relación laboral individual. Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Contrato de traballo e negociación colectiva.	11

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais
CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral
CA4.7.1 Analizouse a lexislación referente á modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.



Criterios de avaliación
CA4.8 Analizouse a representación das persoas traballadoras na empresa, así como os conflitos colectivos e as partes implicadas.

4.6.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación. Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais. Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos na empresa. Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc. Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A acción protectora da seguridade social.	12

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO



4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.6 Analizouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía
CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral
CA4.7.2 Analizáronse e calculouse unha prestación de desemprego derivada da extinción dunha relación laboral así como outras prestacións da seguridade social.

4.7.e) Contidos

Contidos
Seguridade Social e estado do benestar.
Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación).
Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Construíndo futuro.	18

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título	SI
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	SI
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual	SI



4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado
CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo
CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autocoñecemento
CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título
CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional
CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego
CA2.6 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional
CA2.7 Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais
CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador
CA2.9 Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional
CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral
CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego
CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias
CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral
CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade



Criterios de avaliación
CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade
CA3.6 Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade
CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade
CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional
CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual

4.8.e) Contidos

Contidos
Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura. Traballo por conta allea e traballo por conta propia. Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública Traballo na Administración pública. Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual. Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes. Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas. Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo. Habilidades de organización e xestión. Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo. Estratexias para superar as eivas de comunicación. Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.



Contidos
Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.
Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.
Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.
Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
Oltinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.
Información sobre a estrutura do sistema educativo.
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.
Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Oportunidades de formación e emprego en Europa.
A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.
Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.
Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.
Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional.
Oxestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada.
Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional.
Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión.
Relevancia para a empregabilidade..
Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.



Contidos
Concepto. Protección de datos persoais e identidade dixital. Necesidade dunha avaliación periódica do progreso. Pegada e reputación dixital. Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade. Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade. Concepto e características.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles:

En cada unha das unidades didácticas figuran os criterios de avaliación que teñen a consideración de mínimos exixibles. O alumnado terá que alcanzalos para acadar a superación do módulo.

Anexo a listaxe de mínimos exixibles en termos de criterios de avaliación clasificados por unidade formativa.

Primeira unidade formativa.

Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais

Identificáronse e clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título

.

Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais

Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias

Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia

Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios

Segunda unidade formativa.



Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título

Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais

Identificáronse os compoñentes do recibo de salario

Analizouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía

Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional.

Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo.

Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título

Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional

Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais

Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional

Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral

Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego

Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade

Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade

Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual

Criterios de cualificación:

Para o cálculo da cualificación do alumnado tense que ter en conta os criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación e o peso que se indicou no punto catro da programación en cada unha das Unidades Didácticas. A ponderación das unidades didácticas é, aproximadamente, o establecido no punto 3.a da programación: non é exacto pois a aplicación non permite decimais.

A cualificación final será o resultado de aplicar o medio ponderado de todas as actividades programadas. Todas as actividades cualificaranse nunha escala do 0 ao 10, sendo preciso un 5 na media ponderada delas para a superación do módulo.

Con todo, as cifras decimais seguirán a técnica do redondeo; se son iguais ou superiores a 5 subírase á nota superior e, se son menores a 5, quedará a inferior. Por exemplo, un 6,5 supón un 7 na cualificación final, mentres que un 6,49 suporía un 6.

A entrega de actividades fóra de prazo supón unha penalización do 20% da cualificación da actividade.

Para a ponderación da cualificación en cada unha das actividades tomarase como principal criterio o tempo estimado para a súa realización na programación.

Co obxectivo de facilitar o entendemento da ponderación, anexo a seguinte táboa onde se indica o peso de cada unha das unidades didácticas, así como o das actividades ao respecto da cualificación total.

Unidade Didáctica 1. 6,5%

Actividade 1. Introducción á prevención. Saúde e profesión. 3,8%



Actividade 2. Análise da acción preventiva. 2,7%

Unidade Didáctica 2. 15,5%

Actividade 1. O accidente de traballo e a enfermidade profesional. 8%

Actividade 2. O comportamento machirulo como risco laboral. 2%

Actividade 3. Os factores de risco laboral. 5,5%

Unidade Didáctica 3. 4,8%

Actividade 1. O plan de prevención de riscos laborais. 3,8%

Actividade 2. A planificación ante a emerxencia. 1%

Unidade Didáctica 4. 16,6%

Actividade 1. A sinalización de seguridade. 2,2%

Actividade 2. Os Equipamentos de Protección Individual. 3%

Actividade 3. Os primeiros auxilios que salvan vidas. 9,2%

Actividade 4. Recompilación do aprendido. 2,2%

Unidade Didáctica 5. 16,4%

Actividade 1. A relación laboral e o dereito do traballo. 4,4%

Actividade 2. A xornada e o salario. 4,9%

Actividade 3. A nómina. 4,9%

Actividade 4. Novas contornas e o mercado laboral na sociedade galega. 2,2%

Unidade Didáctica 6. 12,4%

Actividade 1. Modalidades do contrato de traballo. 2,8%

Actividade 2. Modificación, suspensión e extinción do contrato. 6%

Actividade 3. O sindicalismo, negociación e conflito. 3,8%

Unidade Didáctica 7. 11%

Actividade 1. O Estado de Benestar e a Seguridade Social. 4,4%

Actividade 2. Prestacións da Seguridade Social: cobertura e bases de cotización. 6,6%

Unidade Didáctica 8. 16,6%

Actividade 1. Oportunidades de emprego. 3,7%

Actividade 2. O que aporito. 4,1%

Actividade 3. Contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade. 8,8%



Se por razóns alleas á vontade do alumnado non se pode realizar a totalidade das actividades programadas, realizarase un reaxuste da ponderación, previo aviso ao alumnado, tendo en conta o tempo efectivo que se dedicou a cada unha das actividades.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para establecer os procedementos das actividades de recuperación baséome na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

No capítulo VIII da citada orde, no artigo 25.2, afírmase que a avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Con todo, o artigo 29.3 (capítulo IX) tamén afirma que, nos módulos superados, a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial, polo que non se trata dunha ponderación entre as tres avaliacións senón que será a nota da terceira a que se considera ao final. Isto é, para o cálculo da terceira avaliación teranse en conta as dúas anteriores seguindo o procedemento e ponderación explicado no punto 5 desta programación.

Así, contamos con catro momentos nos que se poden realizar as actividades de recuperación:

1. En primeiro lugar, o alumnado poderá realizar actividades de recuperación ao longo do desenvolvemento do módulo, as cales basearanse na repetición de actividades chave que non lograrse superar ou na realización de actividades alternativas. A necesidade de realizar estas últimas bebe da idea de que, ao realizarse nun momento concreto da aula, ás veces de xeito grupal, non se poden repetir nas mesmas condicións que o resto do alumnado.
2. Por outra banda, a orde antes citada mostra unha segunda opción se a primeira non fose suficiente. O seu artigo 29.2 establece que entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos do primeiro curso deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes. Nestas tres semanas poderanse repetir as actividades non superadas na anterior recuperación coa mesma metodoloxía. Ademais, tamén se valorará o traballo realizado ao longo dese tempo.
3. Unha terceira opción é realizar as recuperacións no segundo curso, previo á realización da Formación en Centros de Traballo (FCT). Neste caso o alumnado non estaría na aula polo que a metodoloxía de avaliación é diferente. Por iso, propónse unha proba escrita de carácter teórico e práctico.
4. Por último, a derradeira opción que ten o alumando para a recuperación é a mostrada no artigo 31.4 da orde antes citada. Trátase no caso de que o alumnado non poida acceder á FCT no período ordinario ao ter o módulo pendente. As actividades neste período seguirán a metodoloxía dos momentos 1 e 2 co fin de recuperar as partes pendentes. Indicarase, tal e como ditamina o artigo, a data final na que o alumnado será avaliado.



6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O artigo 25.3 do capítulo VIII da Orde do 12 de xullo anteriormente citada establece que o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. É o profesorado o encargado de valorar a xustificación -ou non- desas faltas atendendo ás circunstancias persoais e laborais da alumna, alumne ou alumno concreto.

Cando aconteza esta situación de perda de avaliación continua, que na materia de Itinerario Para a Empregabilidade I corresponde á falta de asistencia a 11 sesións ou máis, o alumnado terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente (artigo 25.5 da Orde antes citada).

Esta proba consistirá nunha proba escrita de carácter teórico e práctica que conteña os contidos de todas as Unidades Didácticas expostas no punto 4 da programación.

Para a superación desta proba escrita terá que obter unha cualificación de 5 nas dúas partes correspondentes ás dúas Unidades Formativas que engloba IPE I.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación non pode ser algo ríxido, pois non se poden prever todas as variables que inflúen á hora de exercer a práctica docente. Ten que ser flexible para adaptarse ás necesidades propias do alumnado e ao propio desenvolvemento da programación. Todo elo en pro da mellora da calidade educativa.

Ao longo do curso é imprescindible o seguimento do cumprimento da programación o cal materialízase a través da propia aplicación informática das programacións e nas reunións -de carácter mensual- realizadas polo departamento de FOL para dito fin.

Ademais dos mecanismos citados, o profesorado pode crear unha serie de indicadores para realizar o seguimento da programación. Neste caso, elíxense seis ítems a valorar; o logro dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, os recursos didácticos, as probas de coñecementos previos, as recuperacións pendentes, os temas transversais e a atención á diversidade.

Para a súa correcta organización pódense empregar as fichas de control da programación. Neste caso, vaise empregar un modelo de Excel a encher mensualmente.

Avaliación da propia práctica docente:

Ao seres o CIFP Manuel Antonio un Centro Integrado de Formación Profesional, atópase baixo o Sistema de Xestión de Calidade. Neste sentido, hai unha avaliación da práctica docente a través dunhas enquisa que realiza o propio sistema.

A maiores desa situación, nesta programación propónse dous modelos de avaliación; a auto-avaliación docente e a avaliación docente por parte do alumnado.

En calquera dos casos, a función e o propósito de ditas avaliacións é a mellora do proceso de ensino aprendizaxe.

Así, para a auto-avaliación empregarei unha ficha similar á da programación, pero con maior énfase na metodoloxía didáctica e a súa idoneidade para a consecución dos obxectivos propostos. Neste caso é unha ficha de carácter trimestral.

Por último, a avaliación que o alumnado realiza da práctica docente é a máis relevante, pois da súa percepción e análise dependerá a resposta en termos de aprendizaxe. Así, a metodoloxía empregada é a de tres fichas (unha por cada trimestre) que o alumnado encherá de forma anónima e que contemplarán aspectos como a adecuación da metodoloxía didáctica, a percepción de aprendizaxe significativa, a motivación suscitada, a capacidade de favorecer as competencias conceptuais e procedementais ou o uso dunha linguaxe axeitada.



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial é esencial para ter información sobre os coñecementos previos do alumnado e as súas situacións, características persoais ou necesidades específicas que condicionen a súa aprendizaxe. Tamén é moi relevante a coordinación docente para unha mellor análise en beneficio da aprendizaxe do alumnado. De aí que, tan pronto se faga a avaliación inicial, se celebrará unha reunión do profesorado, xunto co persoal de orientación (se é posible), para compartir resultados e impresións e propoñer medidas ao respecto.

Así, nas actividades do punto catro da programación pódense observar que cada Unidade Didáctica realiza algún tipo de avaliación inicial, normalmente a través da técnica do trebón de ideas.

Porén, as sesións máis relevantes para a avaliación inicial son as referentes á primeira quincena do curso, para poder recompilar, o antes posible, a información antes citada e realizar as modificacións oportunas.

Nesta quincena, as dúas primeiras sesións son as máis relevantes.

Así, recordemos que na primeira sesión do módulo, o alumnado terá que realizar un pequeno escrito que mostre a comprensión duns gráficos elaborados polo profesor. O escrito permite información moi valiosa que indique o nivel de destreza lingüística de cada alumnado, as competencias escritas e, ao ser en formato dixital, as competencias dixitais básicas.

Posteriormente o alumnado creará grupos onde teña que debater o artigo, esquematizar os puntos chave e realizar un debate colectivo. Por iso, tamén ofrece valiosísima información, especialmente para avaliar as competencias de comprensión lectora e organización da información e a capacidade de chegar a conclusións, a capacidade de funcionamento grupal e cooperativo e as competencias orais e de debate.

Por outra banda, a segunda actividade basease nun traballo grupal de investigación. Neste sentido, preténdese avaliar o nivel de autonomía do alumnado e as súas capacidades de investigación, análise e recompilación de información.

Así, na primeira quincena teremos unha avaliación inicial bastante completa que nos permita obter esa información valiosísima e detectar posibles casos de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) co obxectivo de adoptar as medidas máis axeitadas para cada caso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Neste apartado proponse as medidas de reforzo xerais para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo. Para iso hai que ter en conta os principios da normalización e inclusión presentes na LOE. Polo tanto, ademais das medidas ordinarias contempladas no Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, no seu artigo 9 (Ver Anexo X) e as medidas expostas no apartado 6.1 desta programación, a medida xeral empregada para establecer as medidas cara a atención á diversidade é a flexibilización, especialmente na metodoloxía didáctica.

Así, tal e como afirman varias autoras e autores, a metodoloxía maioritaria empregada na programación favorece a flexibilización e, con ela, a atención á diversidade.

A lóxica disto é que, por exemplo, nos traballos de investigación (baseados en proxectos) o alumnado que ten unhas competencias por riba da media poidan afondar máis na temática, favorecendo así a súa aprendizaxe e, ao mesmo tempo, permita alcanzar os obxectivos básicos ao alumnado con competencias por debaixo da media. Ambos fan a mesma tarefa seguindo os principios da normalización e da inclusión, e teñen que alcanzar os mesmos obxectivos básicos, pero permite, ademais, ir máis aló deses obxectivos. De aí que, a flexibilidade, favoreza a atención á diversidade.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores é un dos piares básicos da escola pública que fai avanzar cara un mundo mellor; máis igualitario, pacífico, solidario e respectuoso. A propia LOMCE no seu preámbulo (XIV) establece que un dos principios nos que se inspira o Sistema Educativo Español é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

Así, neste apartado vanse destacar seis valores fundamentais para a ensinanza.

1. En primeiro lugar, o coidado do medio ambiente, imprescindible para a conservación do planeta e o benestar das xeracións futuras. Na programación, concretamente, tratamos o tema en base o uso das TIC empregando as ferramentas dixitais en substitución do papel, pois, así, ademais de favorecer as competencias dixitais, non se malgastan recursos. O alumnado ten que coñecer a motivación ecolóxica desta elección e reflexionar sobre ela. Cabe destacar que o 5 de xuño é o Día Mundial do Medio Ambiente da Organización das Nacións Unidas (ONU) e unha das conmemoracións obrigatorias segundo o artigo 8.1 da Orde do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/2019, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A educación para a interculturalidade, imprescindible para unha sociedade igualitaria e xusta, é un dos temas tratados dun xeito transversal na aula.
3. A promoción activa da saúde é outro dos valores fundamentais na ensinanza. Neste caso, destacar sobre todo que na programación hai unha unidade didáctica nomeada *o dereito á saúde*, a primeira, e que en IPE I a promoción da saúde toma maior forma coa Prevención dos Riscos Laborais, na primeira Unidade Formativa.
4. Por outra banda, outro valor importantísimo e de absoluta actualidade, nestes anos de desinformación e *fake-news*, é a educación para a análise dos Mass-Media. Neste sentido, na programación hai varias actividades onde se emprega a prensa dixital como recurso (moi axeitado na avaliación inicial).
5. Respecto á diversidade afectiva-sexual e de identidade de xénero, tema esencial mentres exista o patriarcado, salientar que tamén é un mandato legal a súa inclusión na ensinanza en conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Para implementar o respecto aos dereitos LGBT+ o alumnado participará, entre outras actividades, no Orgullo de Inverno que organizo dende a comisión de igualdade de xénero e dereitos LGBT+.
6. Por último, a perspectiva de xénero en pro da igualdade entre mulleres e homes é imprescindible pola mesma xustificación que a anterior, pola persistencia do patriarcado. Tamén é un mandato legal ao igual que o anterior. Neste sentido celebraremos o Día Internacional da Muller, o 8 de Marzo en referencia ao artigo 8.1 da Orde do 28 de Maio de 2018 antes mencionada, así como o día contra a violencia machista (o 25N) e outras actividades organizadas dende a comisión de igualdade. Na segunda unidade didáctica temos unha actividade concreta para tratar a temática. Tamén é unha cuestión que se tratará de forma transversal na praxe docente co uso da linguaxe inclusiva.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe deseñadas para cada unha das unidades didácticas, cómpre describir outras actividades que se diferenzan daquelas polos recursos, tempos e espazos necesarias para o seu desenvolvemento: actividades complementarias e extraescolares.

A intención de programar este tipo de actividades no módulo de IPE I é completar a formación do alumnado, achegándonos á realidade social, escoitando outras voces á marxe da do profesor, coñecendo de primeira



man os recursos cos que contarán como persoas traballadoras ou desempregadas, etc. A continuación defínense ambos tipos de actividades, enumerando algunhas das que poden ser programadas polas diferentes coordinacións para ser levadas a cabo durante o curso escolar:

Actividades complementarias: realízanse co alumnado en horario lectivo e, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

1ª- Charla-coloquio e práctica sobre técnicas de primeiros auxilios: actividade complementaria aos temas de saúde laboral. Ten por obxecto que un profesional de enfermería/ membro de Protección Civil ou similar dea unha palestra teórica/práctica sobre as distintas técnicas de primeiros auxilios (transporte de accidentados, como inmovilizar a unha persoa cunha fractura, como actuar ante unha queimadura, actuación ante un conato de afogamento por obstrución dun obxecto).

2ª- Simulacro de evacuación do centro de estudos: esta actividade é extensible a toda a comunidade educativa do centro, coa colaboración da Dirección onde se solicitará apoio a Protección Civil, Policía Municipal, Bombeiros e Centro de saúde máis próximo. O obxectivo desta actividade é coñecer a posta en práctica dun plan de emerxencia e evacuación.

3ª Calquera outra da comisión de igualdade, a coordinación de emprendemento ou o do departamento que sexa interesante para a aprendizaxe do alumnado.

Actividades extraescolares: son aquelas organizadas polo centro, que deben figurar na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria. Por exemplo:

1ª- Visita a unha oficina do Servizo Público de Emprego: comprobación en espazo e tempo real de como se tramitan as solicitudes de prestación por desemprego e outras accións de formación e orientación laboral levadas a cabo na oficina.

2ª- Visita aos Xulgados do Social de Vigo: trátase de coñecer as instalacións e asistir a algún xuízo no que se diriman asuntos relacionados coas unidades, como poden ser: despedimentos, determinación da relación laboral ou accidente de traballo.

3ª- Feiras de Emprego e Orientación Laboral, que se organicen na comunidade galega ou fóra dela, sempre e cando contemos con orzamento para organizar os desprazamentos.